



en representación do STEG (Sindicato de traballadoras e traballadores do ensino público), en relación ás traballadoras e traballadores do ensino en xeral e , do ensino público en particular e o PLAN DE VACINACIÓN DA COVID-19 previsto pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia relativo á súa FASE II

### **EXPÓN**

-Que, segundo anunciou o goberno galego en datas recentes, a FASE I de vacinación da COVID-19 finalizará en breve, probabelmente a finais do mes de xaneiro.

-Que, consonte ás intencións anunciadas polo presidente do goberno galego o pasado 14 de xaneiro de 2021, a FASE II iniciárase probabelmente nas primeiras datas do mes de febreiro.

-Que as traballadoras e traballadores do ensino en xeral e, as/os docentes do ensino público en particular así como, dentro deste, o alumnado con patoloxías graves, constitúen un segmento da poboación dun alto nivel de contactos interpersoais, dándose estes de xeito diario e habitual cos diferentes axentes da comunidade educativa (alumnado, familias, resto do profesorado, outros...)

-Que os mesmos teñen lugar en espazos reducidos (fundamentalmente as aulas e non só) e que esta circunstancia conleva un incremento notorio e obxectivo do risco e das posibilidades de contaxio pola COVID-19.

E por as circunstancias aquí enunciadas

### **SOLICITA**

desta Consellería de Sanidade e da Consellería de Educación, dentro do ámbito competencial de cada unha delas, a inclusión das traballadoras e traballadores do ensino en xeral e as/os docentes do ensino público así como todo o alumnado con patoloxías graves dentro da FASE II da vacinación da COVID-19, no camiño de garantir a saúde e seguridade deste colectivo de persoas así como o do resto da comunidade educativa e tamén preservar o axeitado funcionamento e calidade do ensino en xeral e do ensino público en particular, procedendo a vacinalas á maior brevidade posíbel.

E para que así conste aos efectos oportunos,

**do STEG**

Lugo, 20 de xaneiro de 2021.